


O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Imaxe. Fragmento do proxecto. Concello de Ferrol, 2025

Hai zonas do barrio que están intransitables, resultando moi difícil camiñar con seguridade por algunhas beirarrúas, como é o caso de Poeta Pérez Parallé. Cando as raíces das árbores buscan o seu camiño, rachan as lousas e os afogados alcorques que un día foron “pavimentados” como base, sen prever o que anos despois acontecería...

Esta situación de falta de previsión no pasado e de carente accesibilidade no presente, derivou nunha demanda por parte da veciñanza e da AV Canido que xa suma varios anos.

Deste modo, tivemos que manifestarnos, asistindo a un Pleno Municipal para reclamar investimentos nos Orzamentos Municipais de 2025 e así poder acometer - entre outros- esta obra. Mais, hoxe temos a ledicia de poder compartir con vós que o Concello de Ferrol, a través do departamento municipal de Urbanismo, dá luz verde a un proxecto de renovación deste tramo na Rúa Poeta Pérez Parallé, conservando as árbores deste lateral e construíndo un alcorque corrido natural que facilitará o tránsito das persoas. Este proxecto cumpre, pois, coas reivindicacións veciñais manifestadas: accesibilidade, luminosidade e respecto polas árbores.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

O BARRIO - ISSN 3045-4476

AXENDA DE OUTUBRO



20:00

Nocións básicas de sushi

Elaboracións de sushi galego. Degustación do elaborado. Convite a viño albariño Rías Baixas. E máis sorpresas! para unha tarde/noite divertida.

Prezo da actividade é 30 € (Descóntaselle 5 € ás persoas socias da AV).



13:00

10º Aniversario de Ferror Records

Esta actividade busca crear un punto de encontro no que a xuventude se recoñeza, comparta experiencias e se sinta protagonista dunha cultura viva. *Ferror Records* entende que a lingua galega é parte esencial desta identidade. Música, cultura e lingua únense así para reivindicar o propio. Cos concertos de: Bule (Ferrol / Pontedeume), Playa Desmayo (A Coruña), Tanque de Tormentas (Ferrol), Raquel Plata (Ferrol) e Maní Maniquí (Ferrol).

Esta actividade conta coa colaboración da Concellería de Xuventude do Concello de Ferrol.



19:30

Presentación poemario “Montecoruto” de Manuel Patinha

Con: Pepe Ponte Far, Concelleiro de cultura de Ferrol; Xulio Valcárcel editor e poeta; Mariano Durán profesor e poeta; Rosa Martínez Dios poeta. Antía Cortizas declamará poemas do libro.



18:00

Clube de lectura: “Canido en tinta”

Se queres participar contacta por Whatsapp no teléfono 678 71 34 86. Conversas e análise de lecturas que se desgranan con moita creatividade.



20:00

Canta claro Canido

1º concerto do ciclo de música coral a cargo da formación “Coral Polifónica Ferrolana del Casino del Club de Tennis” que representará un variado repertorio de pezas populares e clásicas.



20:00

Inauguración da exposición “Horta de Canido” de Carmen Martín


Pinturas que contan o que significa a comunidade da horta comunitaria. “As persoas que coidan das plantas, coidan de si mesmas e das demais” segundo a autora, nesta exposición de pequenos retratos e outros de maior formato sobre a horta e os bancais.

O BARRIO QUE QUEREMOS


UNHA BREVE FOTOGRAFÍA DE CANIDO: O BARRIO NO QUE VIVIMOS

Se facemos unha fotografía social e demográfica do noso barrio, atoparemos algunhas similitudes e diferenzas con respecto á cidade. Actualmente, a poboación total do barrio de Canido é de **7345** veciños e veciñas, que representan o **11,4%** de poboación total da cidade, cun **aumento do 16% nos últimos 5 anos**. Unha proporción que é previsible vaia en aumento, dada a capacidade de atracción do barrio e as novas promocións de vivenda que se están a desenvolver.

En canto a sexos, tanto no caso da poboación de Ferrol como de Canido esta é maioritariamente feminina en case todos os rangos de idade. Sendo esa diferenza especialmente importante no barrio para o grupo de 95 e máis anos, no que por 48 mulleres neste rango de idade, hai 6 homes. No total no noso barrio temos 3931 veciñas (59,51%) e 3414 veciños (46,49%). A única salvedade a esa maioría feminina é o rango de 15-19 anos, no que son maioría os varóns, rexistrándose esa maior diferenza nos rapaces de 15 anos, con 54 varóns por 32 rapazas.



Fonte: Concello de Ferrol e IGE. Elaboración Propia.



O grupo de idade máis numeroso en Canido tanto en homes como en mulleres é o das persoas que se atopan entre os 45-49 anos, sendo os/as veciños/as de 49 anos os de maior presenza, cun total de 141 veciños e veciñas. Este grupo de idade representa o 8,2 % da veciñanza do barrio. E é precisamente neste grupo onde situamos **a idade media do barrio (49,2)**, fronte os 50 anos da cidade de Ferrol.

Pola contra e coma nota negativa, o grupo con menor presenza no barrio é o dos veciños e veciñas de 0-4 anos, o cal tamén indica non só ese crecemento natural baixo, tamén subliña unha acusada baixa natalidade, sumando tan só 22 persoas (0,29%). Este dato polo tanto indica un baixo índice de reemprazo, é dicir, a capacidade de recuperar por esta vía a poboación, estando situado nun 1,05 de fillos por muller en idade fértil, é complicado. En todo caso é un dato que segue a tendencia de toda a cidade e comarca.

Canido ten un movemento de poboación estacionario en canto ao seu perfil demográfico. Pero é certo que foi en aumento a súa poboación nos últimos anos, grazas ao aporte migratorio, ademais de seren un polo de atracción de poboación doutras zonas da cidade; polo que a fotografía do barrio segue en movemento. E nesa imaxe non hai que esquecer que é un barrio que se ve afectado polos procesos de xentrificación e turistificación e as mudanzas que no tecido social poida producir e nos que debemos prestar atención.

A RECUPERACIÓN DOS CALACÚS

Nos anos 90 da pasada centuria, dende un recuncho do país, o profesor Rafael López Loureiro, en colaboración coa *Sociedade Cultural Chirlateira*, recuperaba unha práctica agochada na memoria dos tempos de xuventude. O recordo das colleitas outonais das cabazas (melóns), cultivadas entre o maízo, e o seu posterior procesamento -baleirado e tallado- para transformalas en horripilantes caliveiras que, alumeadas no seu seo por unha candeia, **podían cumprir a función de protexer o fogar ou espantar aos camiñantes nocturnos**. Foi así como unha primeira celebración realizada en Cedeira se converteu nun momento de inflexión para a recuperación, en toda Galicia, da confección dos calacús. Sorpresivamente, non era este un uso soterrado baixo o peso de séculos de esquecemento, pois practicamente calquera persoa da nosa comarca, criada nas décadas centrais do pasado século, está familiarizada coa estampa dos calacús colocados á noite á beira de camiños e lindes, co único obxecto de amedrentar. O caso do insculpido das cabazas convida a se preguntar cantos outros elementos do noso acervo cultural están a esvaecerse agora mesmo ante a indiferencia dun presente que non se detén por nada, nin por ninguén.

Como acontece ante accións de recuperación deste tipo, a controversia non estivo ausente. Por un lado, a cuestión da súa interpretación como remanente pagá dunha cosmovisión e ritualismo céltico, pasado que se reivindicou coa extrapolación da denominación de Samaín, en contraposición á celebración cristiá. Tamén polo cuestionamento do carácter tradicional do tallado de calacús, até o extremo de dala por unha tradición inventada ou importada dende América.

Dende Ferrolterra Antiga, onde traballamos para a posta en valor da nosa historia e patrimonio cultural material e inmaterial, aproveitamos esta xanela comunicativa para incitarvos, como experiencia comunitaria, a encher nos vindeiros días as nosas rúas de calacús.

Non é o propósito deste pequeno texto esvaecer as brétemas das orixes dos calacús, tampouco disertar sobre a esencia da nosa celebración dos defuntos ou sobre a problemática da desconstrución da nosa cultura. Con todo, ao teor da súa difusión polo país, así como por outras terras ibéricas, e dos testemuños escritos ou orais remontables ao final do século XIX (por tanto, previos ao desenvolvemento do Halloween consumista) **consideramos posible refutar a idea do invento ou moda contemporánea chegada de alén do mar.**

O constatable é que as nosas avoas e avós tallaban cabazas e conferíanlles as faccións propias dunha caveira. No Cruceiro cada ano as entidades colaboradoras no encontro intercultural do **Día de Defuntos** depositamos os calacús elaborados polos participantes máis cativos do evento. Ogallá ver este cruce de camiños, este monumento, engalanado cunha morea de calacús e convertido en protagonista das nosas tradicións!





CICLO DE CONFERENCIAS E SAÍDAS NATURALISTAS DA SOCIEDADE GALEGA de HISTORIA NATURAL

A provincia da Coruña ten un patrimonio natural diverso e este ano, dende a delegación de Ferrol da SGHN, estamos a coñecer en profundidade **diferentes hábitats e especies ameazadas da man de asociacións que traballan para protexelas**, así a través de charlas e pequenos roteiros, poderemos aprender e ver *in situ* os diferentes proxectos de conservación.

As **conferencias non precisan de inscrición previa**. Serán de acceso libre no auditorio do Museo de Historia Natural na Praza de Canido.

A inscrición será posible **no momento de saír anunciada mediante as canles** habituais da SGHN (correo, redes sociais, etc). Para a correcta inscrición de cada participante, deberase aportar o nome completo; DNI (con letra); teléfono de contacto e data de nacemento (esta última é por esixencia do seguro). Atención **daquela ao teu correo e RRSS nos vindeiros días!**

CONFERENCIAS



En **O Barrio** informaremos puntualmente das actividades da SGHN nos vindeiros meses.



3 out

A custodia do territorio por parte da Asociación Betula

Pedro Cruzado Díaz, Luisa Montero Pazos, Berta Rodríguez Pena e César Martínez (Asoc. Betula)



10 out

Restauración e conservación comunitaria: o exemplo de Froxán

Dr. Joám Evans Pim (Ciencias Sociais, Fund. Montescola)



SAÍDAS



11 out

Roteiro guiado a unha finca custodiada pola asociación Betula

BETULA, Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico, procura a conservación e recuperación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico a través da Custodia do Territorio, concienciando aos propietarios e usuarios do territorio no seu coidado e posta en valor.



18 out

Visita ao Cal, espazo natural

O Cal é un espazo natural no que o seu propietario fixou o seu proxecto como biólogo e conservacionista hai case 20 anos, en contraprestación á eucaliptización do monte e á perda de biodiversidade que isto conleva. A súa pretensión é tamén a de loitar contra o abandono dos usos tradicionais do monte.

Organiza:



Patrocina:



XUNTAS POR UNHA MELLOR EDUCACIÓN: ASÓCIATE ÁS ANPAS!

Xa comezou o curso escolar, e as ANPAS dos coles do barrio invitan ás familias a unirse ao asociacionismo escolar, porque lograr unha boa educación é unha tarefa compartida.

ANPA CRUCEIRO DE CANIDO

ANPA
CRUCEIRO DE
CANIDO

Asóciate!!

Sabadell - ES8000812204480001309332

1. Cubres o formulario

2. Ingresas os 20€ na conta bancaria da Anpa*

3. Envíasnos o comprobante de pago por e-mail

4. Recibes o carné de socia!

Descontos en comercios e servizos locais

A ANPA do CEIP Cruceiro de Canido invita ás familias a unirse á asociación para recibir información de primeira man como son os proxectos e actividades, logrando seren máis plurais e creativas. Máis información en:

anpa.cruceirodecenido@gmail.com
641 564 042

Horario de atención ao público no local:
os martes (16:30 - 18:00h) e os mércores (9:00 - 10:00h)

HAZTE SOCIO DEL ANPA A TAHONA DEL COLEGIO SAN ROSENDO

Cuanto máis seamos, máis talleres, festas, actividades, visitas y muchas máis ideas podremos hacer realidad... Eso sí siempre en familia

25€/familia

Puedes pagar en efectivo en las reuniones del inicio del cole o pagar por transferencia

ES18 3058 6402 9727 2002 1550

Indicado nombre/s de los niño/s y el curso

anpaatahona

ANPA A TAHONA DO COLEXIO SAN ROSENDO

A ANPA A Tahona realiza continuamente actividades e co carné acreditativo pódense gozar de vantaxes a través dos convenios da ANPA con empresas colaboradoras como parques infantís, paintballs, estudos de fotografía, tendas de xoguetes, escolas de música, de danza, clubs deportivos, escolas de inglés...

A ANPA distribúe información á través da canle pública de whatsapp: "ANPA A TAHONA COLEGIO SAN ROSENDO" (búsca no apartado de "Canles" na aplicación Whatsapp)

Máis información en: anpaatahona@gmail.com

Definición legal internacional do delito de xenocidio

O 9 de decembro de 1948 aprobouse a Convención para a prevención e a sanción do delito de xenocidio, codificándoo. Entrou en vigor o 12 de xaneiro de 1951. Establécense dúas condicións: 1. Intención de destruír ao grupo nacional, étnico, racial ou relixioso contra o que se actúa. 2. Presenza de calquera destas cinco condutas prohibidas:

- Matanza de membros do grupo,
- Lesións graves á integridade físico o mental dos membros do grupo,
- Sometemento intencional do grupo a condicións de existencia que impliquen a súa destrución física total ou parcial,
- Medidas destinadas a impedir os nacementos no seno do grupo,
- Traslado pola forza de nenos e nenas do grupo a outro grupo.



Feitos observados contra a poboación de Gaza (relación parcial)

Bombardeos indiscriminados con resultados de máis de 65.000 persoas mortas contabilizadas (probablemente o número real é moito maior).

Bombardeos de núcleos poboacionais, edificios civís, instalacións sanitarias, educativas e de calquera utilidade para a axuda mutua e a supervivencia física e cultural da poboación gazatí.

Asasinatos nas colas da fame xeradas por decisións das autoridades do Estado de Israel.

Xeración de condicións de fame e sede que crearán problemas físicos e mentais durante décadas...

Outubro: comezo do ciclo festivo do outono

Comeza outro dos ciclos festivos anuais, o que nos vincula aos produtos que a terra que nos ofreceu, con maior ou menor xenerosidade e que celebramos con festas de esfolia, magostos, samaín (31 de outubro) e as celebracións vencelladas á morte e o recordo dos nosos antepasados, que nos conducirán ata o ciclo navideño, pasando polo San Martiño (11 de novembro).

Castañas, noces e viño, fan a festa do San Martiño

Mobilidade vertical urbana: Bilbo 87 – Canido 0

O 16 de setembro podíamos ler no diario *Deia* que Bilbo sumaba un novo ascensor público. No corpo da noticia contaban que alí se dispón de 78 ascensores públicos en funcionamento entre ascensores, ramplas ou escaleiras. Ademais, teñen cinco en execución e catro programados para iniciar a súa construción neste outono. O dito: $78 + 5 + 4 = 87$. **Canido 0**. Para cando unha actuación necesaria, demandada e prometida?

Vindeiras publicacións de Muíño

Podemos anunciar a publicación dun libro (*Na punta dun martelo* no que se narra a peripecia de Ramón, veciño de Canido, carboeiro da Mariña, alistado no corpo de Fogoneros, embarcado nun buque da República, capturado coa rendición republicana, devolto a Ferrol e fusilado. Doutro lado recordamos a toda a veciñanza do barrio e aos amigos da nosa Asociación que, desde este verán, contamos cun novo instrumento para dar a coñecer as nosas inxerencias culturais e artísticas. **Os “Cadernos do Muíño” están abertos para aqueles, que desde o galego e Galicia, teñan algo que aportar.**

EN PROXIMIDADE

Como consumidores individuais pode parecer que non temos a solución nas nosas mans, pero noso consumo pode cambiar o mundo e ser clave na evolución socio-económica do noso país. Falamos de negocios de proximidade da man de HOSCOMPRO.



Englishpanish, traducción e interpretación



englishpanish (Englishpanish Translation & Communication®) é unha empresa de **traducción e interpretación** lingüísticas con 15 anos de historia emprazada en Canido. Ademais da oficina en Celso Emilio Ferreiro, conta tamén con outras 2 oficinas en Vigo e Lisboa. Posúe clientes como a Unión Europea, a OCDE, Yamaha, Abanca, Shiseido, OXFAM e a práctica totalidade das universidades españolas. Presta servizos de **traducción especializada** (xurídica, técnica e académica) a todos os idiomas, ofrece servizos de **interpretación simultánea e consecutiva** en toda a Península. Conta con equipamentos propios audiovisuais para facilitar a interpretación simultánea en reunións, congresos e seminarios, así como a interpretación remota a través de videoconferencia. Alén de en España e Portugal, englishpanish ten prestado servizos de interpretación simultánea en países como Brasil, Filipinas, Polonia, República Checa, Italia, Francia, Reino Unido, Países Baixos, Turquía ou Arabia Saudita. Podemos dicir, por tanto, que englishpanish **leva o nome de Canido a todos os confíns do mundo.**

Kiosco do Cruceiro

O **Kiosco do Cruceiro** suma 30 anos no corazón de Canido ofrecendo a prensa diaria e ademais hai moitos máis servizos...

Teñen **pan** de ata cinco fornos diferentes! Tamén é o punto oficial de venda dos produtos de *As Meninas de Canido* (bolsas, camisetas, suadoiros...) e recordos de Canido e Ferrol.

No Kiosco podes recoller e enviar **paquetes** a través de *InPost* e *Seur*.

Outro servizo moi útil é que se encargan de entregar todo o listado de **material escolar**, así como os **libros de texto**... unha ardua tarefa máis sinxela grazas ao Kiosco. Incluso podes encargar calquera outro libro ou publicación.



Praza do Cruceiro, de 9:00 a 14:30 e de 17:00 a 20:00 horas.

